

Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional, entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación; catedráticos e profesores de ensino secundario; do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional; profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional; catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas; catedráticos e profesores de música e artes escénicas; catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño; e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B)

- [Modificada pola Orde do 4 de setembro de 2018 \(DOG n.º 171, do 7 de setembro\)](#)
- [Modificada pola Orde do 24 de setembro de 2019 \(DOG n.º 182, do 25 de setembro\)](#)
- [Modificada pola Orde do 28 de febreiro de 2020 \(DOG n.º 46, do 9 de marzo\)](#)
- [Modificada pola Orde do 7 de xuño de 2022 \(DOG n.º 113, do 14 de xuño\)](#)
- [Modificada pola Orde do 31 de marzo de 2023 \(DOG n.º 71, do 13 de abril\)](#)

TEXTO CONSOLIDADO

Mediante a Orde do 7 de xuño de 2018 ditáronse normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B).

A disposición derradeira primeira da Orde do 28 de febreiro de 2020 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en centros dependentes desta consellería en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde (código de procedemento ED010B) modificou o punto 2, parágrafo cuarto, do artigo 2 da Orde do 7 de xuño de 2018 coa finalidade de que o persoal interino que tivese concedida unha comisión de servizos por razón de saúde nun corpo e especialidade determinado e que nese mesmo ano superase o procedemento selectivo noutro corpo ou noutra especialidade puidese participar no

concurso de adjudicación de destinos provisionais cunha solicitude de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde.

Pola súa vez, a Orde do 7 de xuño de 2022 modificou o artigo 24.1 e a disposición adicional segunda da Orde do 7 de xuño de 2018 para engadir ao corpo de inspectores de Educación como primeiro corpo a adjudicar no concurso de destinos provisionais, así como para equiparar o prazo de presentación da solicitude co persoal opositor que supera o procedemento selectivo convocado cada ano, respectivamente. Ademais modificou os artigos 33, 34 e 39 do mesmo texto normativo no relativo o prazo de peticións de prestar servizos en determinados concellos e provincias así como a obriga de formular a solicitude de non participación no concurso de adjudicación de destinos provisionais mediante o trámite activado para estes efectos no procedemento normalizado código ED002B.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifica a disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e declara a extinguir o corpo de profesores técnicos de formación profesional.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, no artigo 85 crea o corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional; na disposición adicional quinta, establece as especialidades do corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional que se integran no corpo de profesores de ensino secundario, e as especialidades do dito corpo a extinguir que pasan a formar parte da atribución docente do novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

Na mesma Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, dáse unha nova redacción á disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrando no corpo de profesores de ensino secundario ao profesorado do corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional que á entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020, ou no prazo que establece no apartado segundo da mesma disposición, posúa a titulación de Grao universitario, Licenciado ou Licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou equivalente a efectos de acceso á función pública docente, ou outra equivalente para os efectos de docencia das especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.

O Real decreto 800/2022, do 4 de outubro, regula a integración do profesorado do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional no corpo de profesores de ensino secundario, e modifica diversos reais decretos relativos ao profesorado de ensinanzas non universitarias e constitúe o marco común básico normativo da regulación do procedemento para a integración do profesorado do corpo de profesores técnicos de formación profesional, a extinguir, no corpo de profesores de ensino secundario a desenvolver polas diferentes administracións educativas competentes.

Da aplicación da normativa mencionada despréndese as seguintes cuestións:

Nas 10 especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional participará profesorado dos seguintes corpos:

- Corpo de profesores de ensino secundario.
- Corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.
- Corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

Nas 19 especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional que se integran no corpo de profesores de ensino secundario participará profesorado dos seguintes corpos:

- Corpo de profesores de ensino secundario.
- Corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

A súa vez, teremos profesorado en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por prestación de servizos no sector público, do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, que pretenderá reingresar neste corpo, en especialidades pertencentes ao corpo de profesores de ensino secundario en especialidades pertencen ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

O procedemento de adxudicación de destinos provisionais está deseñado desde a premisa de que a titularidade dunha especialidade non se pode posuír desde diferentes corpos. Tampouco prevé a posibilidade de que se reingrese nun corpo extinguido.

Resulta, pois, totalmente necesario modificar a Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional, entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B), partindo da seguinte premisa:

A solicitude e a adxudicación de destinos provisionais para un curso académico continuará realizándose por corpo e especialidade, coas excepcións contempladas na orde para o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres e para o persoal interino do corpo de mestres pertencente á lista única. Ademais, no que se refire ás 19 novas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario e as 10 especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, as persoas que sexan titulares desas especialidades poderán participar por estas con independencia do corpo ao que pertencen. Neste último suposto, para o persoal funcionario de carreira a adxudicación realizarase, cando proceda, de acordo co disposto nesta orde, pola antigüidade no corpo de participación e a praza entenderase adxudicada neste mesmo corpo.

Coa finalidade de adxudicar destino provisional para cada curso académico ao persoal funcionario de carreira dos corpos de inspectores de educación; catedráticos e profesores de ensino secundario; do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional; profesores especialistas en sectores singulares

de formación profesional catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas; catedráticos e profesores de música e artes escénicas; catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e mestres que non teñan destino definitivo, ao profesorado suprimido e aos que resulten desprazados por falta de horario, ao persoal ao que lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal que supere o procedemento selectivo correspondente, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso ao servizo activo, regúlanse as bases da resolución das convocatorias que terán carácter anual:

Artigo 1. *Obxecto*

Regúlanse as normas que rexerán as convocatorias de adxudicación de destinos provisionais, para a provisión das necesidades de persoal docente para cada curso académico nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e, se é o caso, noutros centros docentes públicos que dispoñan dun convenio que así o preveña, que impartan as ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación, entre o persoal dos corpos de inspectores de educación e o profesorado sen destino definitivo dos corpos de inspectores de educación; catedráticos e profesores de ensino secundario; do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional; profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional; catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas; catedráticos e profesores de música e artes escénicas; catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño; e do corpo de mestres e o persoal docente con destino definitivo que se relaciona nos artigos 2 e 3 desta orde.

2. Este procedemento habilítase na guía de procedementos e servizos co código ED002B.

Artigo 2. *Obrigatoriedade de participación*

1. Estarán obrigados a participar no concurso, nas especialidades das que sexa titular ou estea habilitado:

- a) O persoal docente suprimido e o desprazado por falta de horario.
- b) O persoal docente que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde.
- c) O persoal docente que teña que reincorporarse á comunidade autónoma de Galicia procedente do estranxeiro ou que xa se reincorporou e non obtivo destino definitivo.
- d) O persoal docente que teña dereito a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira.
- e) O persoal docente que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación familiar e laboral.
- f) O persoal docente en situación de expectativa de destino, que se ordenará pola maior antigüidade como persoal funcionario de carreira no corpo polo que se participa a unha especialidade, e dentro da mesma antigüidade pola maior antigüidade no acceso a persoal funcionario de carreira e, se é o caso, polo número

de orde obtida no concurso-oposición. Considerarase para estes efectos profesorado en expectativa de destino o persoal que non obtivo o seu primeiro destino definitivo, o persoal reingresado con destino provisional procedente dunha situación administrativa que implicou a perda do destino definitivo e persoal que superou a fase de prácticas e está pendente do nomeamento de persoal funcionario de carreira

g) O profesorado que solicite o reingreso no servizo activo con efectividade do inicio do correspondente curso académico.

h) O persoal docente que superou o procedemento selectivo para ingreso nun dos corpos citados nesta orde no ano correspondente á convocatoria e que está pendente de realizar a fase de prácticas, e o persoal que superou o procedemento selectivo en convocatorias de anos anteriores e estea pendente de superar a fase de prácticas.

i) O persoal docente interino, pola mesma orde que participou ou pola que tiña dereito a participar na elección de destino no curso inmediatamente anterior á convocatoria, así como o persoal que xerara o dereito con posterioridade ao remate do último prazo de solicitudes, sempre e cando non renunciase a unha interinidade ou substitución que lles fose ofertada, ou que, aínda tendo renunciado, se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto da Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do vinte de xuño de mil novecientos noventa e cinco, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

j) O persoal docente substituto, pola mesma orde que participou ou tiña dereito a participar na elección de destino no curso inmediatamente anterior á convocatoria, así como o persoal que xerara o dereito con posterioridade ao remate do último prazo de solicitudes, sempre e cando non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles ofertase ou que, aínda tendo renunciado, se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto da Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do vinte de xuño de mil novecientos noventa e cinco, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En todo caso, o persoal interino e substituto estará obrigado a efectuar, como mínimo, unha solicitude por un dos corpos. De non facelo, o persoal interino ou substituto decaerá dos seus dereitos en todas as listas.

2. O persoal docente suprimido, desprazado, en expectativa ou interino que formule solicitude de comisión de servizos por razón de saúde ou de conciliación deberá efectuar ademais unha solicitude ordinaria.

O persoal opositor que supere o procedemento selectivo convocado cada ano, se participa cunha instancia de comisión de servizos de conciliación da vida familiar e laboral, tamén está obrigado a presentar unha solicitude ordinaria.

O persoal docente interino que supere o procedemento selectivo no mesmo corpo e na mesma especialidade e lle fora concedida una comisión de servizos por razón de saúde, non poderá efectuar unha nova solicitude de comisión de servizos. Empregarase a solicitude efectuada modificando unicamente o colectivo de participación.

Ao persoal docente interino que supere o procedemento selectivo noutro corpo ou noutra especialidade e que tivese concedida unha comisión de servizos por razón de saúde non lle será tramitada esta solicitude. No entanto, empregárase a solicitude ordinaria de participación que está obrigado a formular este persoal logo de superar o procedemento selectivo, excepto a parte relativa á participación forzosa por provincias, para participar ademais cunha solicitude de comisión de servizos de saúde

O persoal docente interino que supere o procedemento selectivo no mesmo corpo e na mesma especialidade e lle fora concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral, non estará obrigado a efectuar unha nova solicitude de comisión de servizos. No suposto de formular unha nova solicitude quedará sen efecto a realizada como persoal interino.

O persoal docente interino que supere o procedemento selectivo, aínda no suposto de que sexa o mesmo corpo e especialidade na que prestaba servizos, estará obrigado a facer unha nova solicitude ordinaria quedando sen efecto a realizada como persoal docente interino.

No caso de non obter un destino pola solicitude de comisión de servizos por razón de saúde ou pola de conciliación familiar e laboral, teranse en conta as peticións formuladas na solicitude ordinaria. De non obter destino ou de non presentala, a Administración elaborará unha solicitude para a adxudicación de destino de oficio, consonte o establecido no artigo 19 desta orde.

O profesorado suprimido ou en expectativa de destino que estea en situación de servizos especiais ou de excedencia por coidado de familiares, ou teña concedida unha licenza por estudos por todo o curso, ou teña un permiso sindical a tempo completo deberá participar na convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na súa situación administrativa, agás que solicite expresamente o reingreso á situación de servizo activo.

3.- As prazas que obteña o profesorado en situación de servizos especiais ou que teña concedida unha licenza por estudos por todo o curso ou teña un permiso sindical a tempo completo volverán a adxudicarse no propio proceso de adxudicación. As prazas adxudicadas ao profesorado en situación de excedencia voluntaria por coidado de familiares non se volverán a ofertar na propia resolución e cubriranse posteriormente como unha substitución.

O persoal funcionario interino que estea en situación de excedencia por coidado de familiares deberá, asemade, participar na convocatoria e, no caso de obter destino solicitar, se o desexa, unha nova excedencia, que lle será autorizada de reunir os requisitos para a súa concesión.

O persoal funcionario interino proposto para un permiso sindical a tempo total deberá tamén participar na convocatoria.

Non poderá participar neste concurso o profesorado que teña concedida unha comisión de servizos, agás nos supostos de comisións de servizos por razóns de saúde, de conciliación da vida familiar e laboral e por concelleiro ou concelleira.

Artigo 3. *Desprazadas e desprazados por falta de horario*

1.a) Estará obrigado a participar neste concurso, pola especialidade ou especialidades das que sexa titular e a prazas da súa localidade e no caso do corpo de mestres, se é o caso, a prazas da zona educativa, o persoal funcionario de carreira que tendo destino definitivo, deba ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico correspondente.

1.b) Ao persoal docente desprazado por falta de horario que estando obrigado non participe neste concurso, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adxudicaralles de oficio destino provisional para o curso académico correspondente nun centro da localidade nas especialidades das que é titular. No caso do corpo de mestres desprazados adxudicaralles de oficio destino provisional para o curso académico correspondente nun centro da localidade ou na zona educativa preferentemente nas especialidades das que é titular.

1.c) Quedará exento de participar obrigatoriamente polo punto 1.a) e 1.b) o profesorado que participe polo punto 2.a) deste artigo.

2.a) Poderá participar voluntariamente neste concurso, nas especialidades das cales sexa titular, e a prazas da localidade ou localidades que elixan, o persoal funcionario de carreira que tendo destino definitivo, deba ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico correspondente. En calquera caso, de non solicitalas a persoa interesada, a Subdirección Xeral de Recursos Humanos engadirá como últimas peticións as correspondentes á localidade e zona educativa do seu centro de destino definitivo.

2.b) Este profesorado poderá indicar se está disposto a completar horario con materias afíns.

3. A Inspección educativa comunicará aos centros educativos e ao persoal interesado, coa maior antelación posible e, en todo caso, con anterioridade ao 30 de xuño de cada ano, o número de profesores e profesoras, indicando a especialidade de que son titulares, que non van ter horario no próximo curso académico. Así mesmo, a Inspección educativa remitirá copia desta información á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

4. Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispoña de ningunha hora da súa especialidade. Asemade, considérase desprazado por falta de horario o profesorado que dispoña de menos de cinco sesións lectivas da súa especialidade e que estas poidan ser asumidas por profesorado doutro departamento.

5. No caso do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, con carácter previo ao procedemento de elección de horarios previsto no punto 88 e seguintes da Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro) e 109 e seguintes da Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), segundo a redacción dada pola Orde do 28 de xuño de 2010, a xefatura de estudos determinará o número de profesores e profesoras pertencentes a cada departamento que poderá elixir horario.

Este número virá determinado polo cociente que resulte de dividir o número total de horas asignado ao departamento entre 20, e será de aplicación para os restos o establecido no punto terceiro da citada orde do

28 de xuño de 2010, e todo iso sen prexuízo de aplicación do establecido no artigo 8 da Orde do 23 de xuño de 2011, modificada pola Orde do 4 de xuño de 2012, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. O profesorado que sexa titular de máis dunha especialidade deberá pedir praza por todas elas.

7. Na adxudicación do profesorado desprazado por falta de horario terán dereito preferente os desprazados da localidade, e desempatará a maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente. Estes criterios aplicaranse tamén entre estas persoas participantes que non exerzan o dereito preferente. O persoal docente desprazado por falta de horario participará obrigatoriamente no próximo concurso de traslados que se convoque cos dereitos outorgados ao profesorado suprimido, sen prexuízo das prioridades establecidas nos artigos 16 e 17 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes contemplados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e outros procedementos de provisión de prazas a cubrir por eles.

Artigo 4. *Participación voluntaria*

Poderá participar voluntariamente o persoal docente que acceda a outro corpo do mesmo ou distinto subgrupo de clasificación.

Artigo 5. *Participación voluntaria para o persoal funcionario de carreira das escolas oficiais de idiomas, dos conservatorios de música e da especialidade de Procesos de Producción Agraria e da especialidade de Operacións e Equipamentos de Producción Agraria do corpo de profesores de ensino secundario*

1. O persoal funcionario de carreira con destino definitivo nas escolas oficiais de idiomas poderá, con carácter excepcional, solicitar prazas provisionais das escolas oficiais de idiomas e as súas extensións.

2. O persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de música e artes escénicas con destino definitivo nos conservatorios poderá, con carácter excepcional, solicitar prazas provisionais dos conservatorios profesionais de música e as prazas dos conservatorios superiores que corresponda prover por persoal funcionario do corpo de profesores de música e artes escénicas.

3. O profesorado con destino definitivo no corpo de profesores de ensino secundario, das especialidades de procesos de produción agraria e operacións e equipos de produción agraria, poderá solicitar prazas da súa especialidade nos Institutos de Educación Secundaria, nos Centros Públicos Integrados e nos CFEA.

4. O profesorado con destino definitivo do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, da especialidade de operacións e equipos de produción agraria, poderá solicitar prazas da súa especialidade nos Institutos de Educación Secundaria, nos Centros Públicos Integrados e nos CFEA.

5. Ao profesorado a que se fai referencia neste artigo adxudicaráselle praza inmediatamente antes do profesorado en expectativa de destino do corpo e especialidade correspondente e, entre eles, a orde virá

determinada sucesivamente pola maior antigüidade no corpo desde o que participa, maior antigüidade no centro e maior puntuación no procedemento selectivo.

Artigo 6. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario

O profesorado de ensino secundario poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións que se conteñen neste artigo:

a) As correspondentes ás especialidades das cales sexan titulares, para os centros ou localidades ou, se é o caso, prazas de substituto zonal que figuren no anexo II da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia, e para as especialidades de:

Código da especialidade:

590 001 Filosofía.

590 002 Grego.

590 003 Latín.

590 004 Lingua castelá e literatura.

590 005 Xeografía e historia.

590 006 Matemáticas.

590 007 Física e química.

590 008 Bioloxía e xeoloxía.

590 009 Debuxo.

590 010 Francés.

590 011 Inglés.

590 012 Alemán.

590 015 Portugués

590 016 Música.

590 017 Educación física.

590 018 Orientación educativa.

590 019 Tecnoloxía.

590 033 Prácticas e actividades

590 053 Lingua e literatura galega.

590 061 Economía.

- 590 101 Administración de empresas.
- 590 102 Análise e química industrial.
- 590 103 Asesoría e procesos de imaxe persoal.
- 590 104 Construcións civís e edificación.
- 590 105 Formación e orientación laboral.
- 590 106 Hostalaría e turismo.
- 590 107 Informática.
- 590 108 Intervención sociocomunitaria.
- 590 109 Navegación e instalacións mariñas.
- 590 110 Organización e xestión comercial.
- 590 111 Organización e proc. de mantemento de vehículos.
- 590 112 Organización e proxectos de fabricación mecánica.
- 590 113 Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
- 590 114 Procesos de cultivo acuícola
- 590 115 Procesos de produción agraria.
- 590 116 Procesos na industria alimentaria.
- 590 117 Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos.
- 590 118 Procesos sanitarios.
- 590 119 Procesos e medios de comunicación.
- 590 120 Procesos e produtos de téxtil, confección e pel.
- 590 121 Procesos e produtos do vidro e cerámica.
- 590 122 Procesos e produtos en artes gráficas.
- 590 123 Procesos e produtos en madeira e moble.
- 590 124 Sistemas electrónicos.
- 590 125 Sistemas electrotécnicos e automáticos.
- 590 700 Profesor especialista.
- 590 701 Profesor especialista: Fútbol.
- 590 702 Profesor especialista: Fútbol Sala.
- 590 703 Profesor especialista: Baloncesto

590 704 Profesor especialista: Animación turística

590705 Profesor especialista: Audio Próteses

590 706 Profesor especialista: Conducción grupos a caballo e coidados equinos

590 707 Profesor especialista: Conducción de grupos e bicicleta

590 708 Profesor especialista: Edificación

590709 Profesor especialista: Mantemento aeromecánico

590 710 Profesor especialista: Vela

590 711 Profesor especialista Protección Civil: ámbito Inspección e Coordinación

590 712 Profesor especialista Protección Civil: ámbito Intervención Operativa en Emerxencias

590 713 Protésico Dental

590 714 Profesor especialista: Tratamento da Pedra

590 715 Profesor especialista: Organización Transporte

590 716 Linguaxe de signos

590 717 Comunicación

b) As prazas, se é o caso, de substituto zonal unicamente poderán ser solicitadas na instancia ordinaria polo profesorado en expectativa de destino e o persoal docente que supere o procedemento selectivo e estea pendente de ser nomeado persoal funcionario en prácticas.

c) O profesorado dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, titulares das especialidades correspondentes, poderán solicitar as prazas das escolas oficiais de idiomas relacionadas no anexo II da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia. Para tales efectos deberán incluír na súa petición os códigos destes centros mantendo o código da especialidade do corpo de profesores de ensino secundario, aínda no suposto de que optasen por efectuar a súa solicitude por localidades. A este profesorado adxudicáraselle praza despois da adxudicación do persoal con destino definitivo, do persoal en expectativa de destino e do persoal en prácticas pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas e, se fose o caso, do persoal interino do corpo de profesores das escolas oficiais de idiomas.

d) O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores de ensino secundario que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

Artigo 7. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

O profesorado do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións contidas nesta artigo.

a) Prazas correspondentes ás especialidades das cales sexan titulares, para os centros ou localidades que figuran no anexo II para as especialidades de:

Código da especialidade:

590 205 Instalación e mantemento de equipos térmicos e de fluídos

590 206 Instalacións electrotécnicas

590 207 Instalacións e equipamentos de cría e cultivo

590 208 Laboratorio

590 210 Máquinas, servizos e produción

590 212 Oficina de proxectos de construción

590 213 Oficina de proxectos de fabricación mecánica

590 214 Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios

590 215 Operacións de procesos

590 216 Operacións e equipos de produción agraria

590 219 Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico

590 220 Procedementos sanitarios e asistenciais

590 221 Procesos comerciais

590 222 Procesos de xestión administrativa

590 224 Produción téxtil e tratamentos físico-químicos

590 225 Servizos á Comunidade

590 227 Sistemas e aplicacións informáticas

590 229 Técnicas e procedementos de imaxe e son

590 231 Equipos electrónicos

b) O persoal funcionario interino da especialidade de Servizos á comunidade poderá solicitar prazas de "Servizos á comunidade" e de "Prácticas e actividades", pola súa orde de preferencia. Adxudicarase, en primeiro lugar, ás prazas de "Prácticas e actividades" ás persoas pertencentes á lista de "Prácticas e actividades".

Para os efectos da tramitación das comisións de servizos, de conformidade co artigo 24.12 desta orde, na especialidade de Servizos á comunidade computaranse unicamente as prazas desta especialidade. En consecuencia, non se computarán as prazas de Prácticas e actividades.

O persoal que obteña praza en “Prácticas e actividades” terá un nomeamento do subgrupo A1.

c) O persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario ou do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores de ensino secundario que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

Artigo 7 bis. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario, corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional e o corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

O profesorado do corpo de profesores de ensino secundario, do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional e do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións contidas neste artigo.

a) Prazas correspondentes ás especialidades das cales sexan titulares, para os centros ou localidades que figuran no anexo II e para as especialidades de:

Código da especialidade:

598 021 Taller de Vidro e cerámica

598 001 Cociña e pastelería.

598 002 Estética.

598 003 Fabricación e instalación de carpintaría e moble.

598 004 Mantemento de vehículos.

598 005 Mecanizado e mantemento de máquinas.

598 006 Patronaxe e confección.

598 007 Peiteado

598 008 Producción en artes gráficas.

598 009 Servizos de restauración.

598 010 Soldadura.

598 700 Profesor especialista.

b) O persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, ou do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

Artigo 8. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas

O profesorado dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas, de acordo coas especialidades de que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que se relacionen no anexo III da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia e para as especialidades de:

Código da especialidade:

001 Alemán.

002 Árabe.

004 Chinés.

006 Español.

008 Francés.

009 Galego.

011 Inglés.

012 Italiano.

013 Xaponés.

015 Portugués.

017 Ruso.

O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

Artigo 9. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de catedráticos de música e artes escénicas

O profesorado do corpo de catedráticos de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que se relacionen no anexo IV da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia e para as especialidades de:

Código da especialidade:

001 Acordeón.

003 Arpa.

005 Danza clásica

006 Canto.

007 Caracterización

008 Clarinete.

009 Clave.

010 Composición.

012 Concertación.

014 Contrabaixo.

017. Danza española.

018. Baile Flamenco.

020 Dirección de coro.

023 Dirección de orquestra.

025 Escena lírica.

029 Expresión corporal

030 Fagot.

031 Fruta de pico.

032 Fruta travesera.

033 Etnomusicoloxía.

035 Guitarra.

036 Guitarra flamenca.

039 Historia da Música.

- 045 Lingua alemá.
- 046 Lingua francesa.
- 047 Lingua inglesa.
- 048 Lingua italiana.
- 050 Música de Cámara.
- 051 Musicoloxía.
- 052 Óboe.
- 053 Órgano.
- 057 Pedagogía.
- 058 Percusión.
- 059 Piano.
- 061 Improvisación e acompañamento.
- 063 Repertorio con piano para voz.
- 066 Saxofón.
- 072 Trombón.
- 074 Trompa.
- 075 Trompeta.
- 076 Tuba.
- 077 Viola.
- 078 Violín.
- 079 Violoncelo.
- 80 Txistu
- 081 Baixo eléctrico.
- 082 Batería de jazz.
- 083 Cante flamenco
- 084 Canto de jazz.
- 085 Composición de jazz.
- 086 Contrabaixo de jazz.
- 087 Dulzaina

- 088 Flabiol I Tambori
- 089 Flamencoloxía
- 090 Gaita.
- 091 Guitarra eléctrica.
- 092 Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco.
- 093 Instrumentos de púa.
- 094 Instrumentos de vento de jazz.
- 095 Instrumentos históricos de corda fretada.
- 096 Instrumentos históricos de tecla.
- 097 Instrumentos históricos de vento.
- 098 Repertorio con piano para instrumentos.
- 099 Teclados/piano jazz
- 100. Tecnoloxía musical.
- 101. Tenora I Tible
- 102. Viola da gamba.
- 103. Análise e práctica do repertorio de baile flamenco.
- 104 Análise e práctica do repertorio da danza clásica.
- 105 Análise e práctica do repertorio da danza contemporánea.
- 106 Análise e práctica de repertorio da danza española.
- 107 Ciencias da saúde aplicadas á danza.
- 108 Composición coreográfica.
- 109 Danza contemporánea.
- 110 Danza educativa.
- 111 Escenificación aplicada á danza.
- 112 Historia da danza.
- 113 Psicopedagogía e xestión educativa.
- 114 Tecnoloxías aplicadas á danza.
- 115 Producción e xestión de música e artes escénicas.
- 116 Acrobacia aplicada al arte dramático

- 117 Creación audiovisual
- 118 Dramaturxia e escritura dramática
- 119 Esgrima aplicado á arte dramática
- 120 Estética e historia da arte
- 121 Indumentaria
- 122 Interpretación no audiovisual
- 123 Interpretación no teatro musical
- 124 Interpretación no teatro do texto
- 125 Linguaxe musical aplicado ao arte dramático
- 126 Pedagogía teatral
- 127 Pianista acompañante aplicado ao arte dramático
- 128 Producción e xestión teatral
- 129 Técnicas gráficas para a escena
- 130 Teoría das artes do espectáculo
- 441 Canto aplicado ao arte dramático
- 443 Danza aplicada ao arte dramático
- 444 Dicción e expresión oral
- 445 Dirección escénica
- 448 Espazo escénico
- 450 Iluminación
- 452 Interpretación con obxectos
- 454 Interpretación no teatro do xesto
- 455 Literatura dramática
- 456 Técnicas escénicas
- 471 Instrumentos de Vento de Jazz-Saxofón
- 472 Instrumentos de Vento de Jazz-Trompeta
- 473 Instrumentos de Vento de Jazz-Trombón

Artigo 10. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de música e artes escénicas

O profesorado do corpo de profesores de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das cales sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que se relacionen no anexo V da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia e para as especialidades de:

Código da especialidade:

007 Caracterización

116 Acrobacia aplicada á arte dramática

117 Creación audiovisual

118 Dramaturxia e escritura dramática

119 Esgrima aplicada á arte dramática

120 Estética e historia da arte

121 Indumentaria

122 Interpretación no audiovisual

123 Interpretación no teatro musical

124 Interpretación no teatro do texto

125 Linguaxe musical aplicado ao arte dramático

126 Pegadoxía teatral

127 Pianista acompañante aplicado ao arte dramático

128 Producción e xestión teatral

129 Técnicas gráficas para a escena

130 Teoría das artes do espectáculo

401 Acordeón.

402 Arpa.

403 Canto.

404 Clarinete.

405 Clave.

406 Contrabaixo.

407 Coro.

- 408 Fagot.
- 409 Flabiol i tambori.
- 410 Frauta travesa.
- 411 Frauta de bico.
- 412 Fundamentos de composición.
- 413 Gaita.
- 414 Guitarra.
- 415 Guitarra flamenca.
- 416 Historia da música.
- 417 Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco
- 418 Instrumentos de púa.
- 419 Óboe.
- 420 Órgano.
- 421 Orquestra.
- 422 Percusión.
- 423 Piano.
- 424 Saxofón.
- 425 Tenora i tible.
- 426 Trombón.
- 427 Trompa.
- 428 Trompeta.
- 429 Tuba.
- 430 Txistu
- 431 Viola.
- 432 Viola da gamba.
- 433 Violín.
- 434 Violonchelo.
- 435 Danza española.
- 436 Danza clásica.

- 437 Danza contemporánea.
- 438 Flamenco.
- 439 Historia da danza.
- 441 Canto aplicado á arte dramática.
- 443 Danza aplicada á arte dramática.
- 444 Dicción e expresión oral.
- 445 Dirección escénica.
- 448 Espazo escénico.
- 449 Expresión corporal.
- 450 Iluminación.
- 452 Interpretación con obxectos.
- 454 Interpretación no teatro do xesto.
- 455 Literatura dramática.
- 456 Técnicas escénicas.
- 460 Linguaxe musical.
- 461 Baixo eléctrico.
- 462 Dulzaina.
- 463 Guitarra eléctrica.
- 464 Repertorio con piano para danza.
- 465 Cante flamenco.

O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores de música e artes escénicas que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

Artigo 11. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de catedráticos e de profesores de artes plásticas e deseño

As profesoras e profesores de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das cales sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que se relacionan no anexo VI da Resolución que

publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia e para as seguintes especialidades:

Código da especialidade:

501 Cerámica.

502 Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos.

503 Conservación e restauración de obras escultóricas.

504 Conservación e restauración de obras pictóricas.

505 Conservación e restauración de téxtiles.

506 Conservación e restauración do documento gráfico.

507 Debuxo artístico e cor.

508 Debuxo técnico.

509 Deseño interiores.

510 Deseño de moda.

511 Deseño de produto

512 Deseño gráfico.

513 Deseño téxtil.

514 Edición de arte.

515 Fotografía.

516 Historia da arte.

517 Xoiaría e ourivaría.

518 Materiais e tecnoloxía: cerámica e vidro.

519 Materiais e tecnoloxía: conservación e restauración.

520 Materiais e tecnoloxía: deseño.

521 Medios audiovisuais.

522 Medios informáticos.

523 Organización industrial e lexislación.

524 Vidro.

525 Volume.

907 Historia coa especialidade de Arqueoloxía

O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores de artes plásticas e deseño que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

Artigo 12. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño

As mestras e mestres de taller de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das cales sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que se relacionen no anexo VI da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia e para as seguintes especialidades:

Código da especialidade:

067 Taller do moble

601 Artesanía e ornamentación con elementos vexetais.

602 Bordados e encaixes.

603 Complementos e accesorios.

604 Dourado e policromía.

605 Ebanistería artística.

606 Encadernación artística.

607 Esmaltes.

608 Fotografía e procesos de reprodución.

609 Modelismo e maquetismo.

610 Moldes e reproducións.

611 Musivaría.

612 Talla en pedra e madeira.

613 Técnicas cerámicas.

614 Técnicas de gravado e estampación.

615 Técnicas de xoiaría e bixutería.

616 Técnicas de ourivaría e prataría.

617 Técnicas de patronaxe e confección.

618 Técnicas de metal.

619 Técnicas murais.

620 Técnicas téxtiles.

621 Técnicas vidreiras.

O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada especialidade, sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

Artigo 13. Prazas que pode solicitar o persoal funcionario pertencente ao corpo de mestres

O persoal do corpo de mestres poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións que se conteñen nesta base:

a) As correspondentes ás especialidades para as que estea habilitado, para os centros e localidades que figuren no anexo VII da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia e para as seguintes especialidades:

Código	Especialidade
31	Educación Infantil
32	Lingua Estranxeira: Inglés
33	Lingua Estranxeira: Francés
34	Educación Física
35	Música
36	Pedagogía Terapéutica
37	Audición e Linguaxe
38	Educación Primaria
60	Pedagogía Terapéutica, ESO
61	Audición e Linguaxe, ESO

Considerarase que está habilitado na especialidade de educación primaria o persoal funcionario en prácticas que vai ser nomeado funcionario de carreira con efectividade do día 1 de setembro do próximo curso e que reúna os requisitos para ser habilitado.

b) Ademais, poderán solicitar as vacantes dos departamentos de orientación (código 39), o persoal funcionario de carreira e o persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres que estea en posesión das titulacións de Licenciatura ou Grao de Psicopedagogía, ou Pedagogía, ou en Psicoloxía, ou en Filosofía e

Ciencias da Educación (especialidades de Psicoloxía ou Ciencias da Educación) ou en Filosofía e Letras (especialidades de Pedagogía ou Psicoloxía), conforme prescribe o artigo 4.a) do Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

c) De acordo co preceptuado na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o persoal do corpo de mestres que sexa suprimido ou desprazado por falta de horario nunha praza do primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria, poderá solicitar, ademais, as prazas correspondentes ás especialidades para as que estea habilitado, para os centros públicos integrados e institutos de educación secundaria que figuran no anexo VII da Resolución que publique a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no Diario Oficial de Galicia e para as seguintes especialidades:

Código	Especialidade
21	Ciencias Sociais, Xeografía e Historia
22	Ciencias da Natureza
23	Matemáticas
24	Lingua Castelá
25	Lingua Estranxeira: Inglés
27	Educación Física
28	Música
67	Lingua Galega

Ademais, o profesorado das especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe poderán solicitar, en calquera caso, as especialidades 60 ou 61, respectivamente, tendo en conta que non se considera que imparten o primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria para os efectos económicos correspondentes.

d) O persoal opositor que supere o procedemento selectivo convocado no ano correspondente unicamente poderá solicitar prazas da especialidade pola que accede e dos departamentos de orientación, sempre que reúna os requisitos establecidos no apartado b) deste artigo.

e) O persoal do corpo de mestres interino e substituto unicamente poderá solicitar conxuntamente prazas da especialidade correspondentes á lista na que figura e de primaria, e, se posúen algunha das titulacións establecidas no apartado b) deste artigo, pola lista de orientación, sempre que accedera á primeira interinidade ou substitución con anterioridade ao 31 de agosto de 2008. Este persoal poderá, asemade, efectuar outra solicitude diferente noutras listas ás que accedera con posterioridade ao 31 de agosto de 2008 e que terán o mesmo tratamento que as previstas no parágrafo seguinte.

f) O persoal do corpo de mestres interino e substituto que accedera a primeira interinidade ou substitución con posterioridade ao 31 de agosto de 2008 unicamente poderá solicitar prazas da especialidade ou especialidades correspondentes á lista ou listas nas que figura, en aplicación do previsto no punto quinto da Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ó texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias. Poderán efectuar unha solicitude por cada especialidade e, se posúen algunha das titulacións establecidas no apartado b) deste artigo, pola lista de orientación sen prexuízo de que poidan renunciar á solicitude dalgunha especialidade ou de orientación durante o prazo de reclamacións á resolución provisional establecido no artigo trinta e sete da presente orde.

A ordenación da lista de orientación realizarase pola data de acceso á primeira interinidade ou substitución dunha especialidade do corpo de mestres. No suposto de que dúas ou mais persoas interinas accedieran á primeira interinidade ou substitución na mesma data, se pertencen á mesma lista, a ordenación realizarase pola orde que posúan na dita lista e, no caso de que formen parte de distintas listas, a ordenación realizarase pola orde alfabética dos apelidos.

Artigo 14. *Solicitudes*

1. As solicitudes deberán cubrirse segundo o anexo I na páxina web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos <http://www.edu.xunta.es/cadp> e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data da presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

Non deberá achegarse ningunha documentación complementaria para este procedemento.

Artigo 15. *Solicitude na que se exerce o dereito preferente a centro*

O persoal afectado que desexe exercer o dereito preferente a centro está obrigado a facer constar nas peticións, en primeiro lugar, o centro de dereito preferente.

No caso de persoal do corpo de mestres, na adxudicación de destino ao persoal que exerce o dereito preferente darase prioridade ao centro sobre a especialidade. Iso implica que se adxudicará con preferencia o centro no que se exerce o dereito preferente en praza da especialidade da que non se é titular fronte a

outra praza da que se é titular doutro centro da mesma ou distinta localidade, agás a lingua estranxeira: inglés.

Artigo 16. Solicitudes en que se exerce o dereito preferente á localidade ou zona

O persoal afectado que desexe exercer este dereito preferente está obrigado a facer constar nas peticións, inmediatamente despois do centro de dereito preferente no caso de que se exerza este dereito, a localidade e, no caso do corpo de mestres, a zona do seu ámbito de dereito preferente.

No caso do persoal do corpo de mestres colocarán tamén en primeiro lugar as peticións para as cales está habilitado e, por último, as restantes, tendo en conta que se poderá adxudicar destino en prazas de calquera especialidade agás lingua estranxeira: inglés.

Logo de solicitar as prazas de dereito preferente poderán pedirse outras prazas de localidade ou zona distinta.

Artigo 17. Requisitos esixidos para pedir prazas bilingües

Para pedir praza bilingüe esíxese que na base de datos persoais estea acreditado que o profesorado dispón do nivel B2 do marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL) na lingua correspondente, conforme ao establecido no anexo da Orde do 18 de febreiro de 2011, modificada pola Orde do 7 de xullo de 2016, pola que se establece o procedemento de acreditación de competencias en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 18. Solicitud de centros e/ou localidades e procedemento de adxudicación

1. O persoal docente poderá solicitar centros e/ou localidades de calquera provincia, indicando se desexan impartir áreas afíns e/ou itinerancia, no recadro establecido na solicitude .

No caso de solicitar centros, e de existir neste máis dunha vacante da mesma especialidade, unha delas cun horario completo e outra para completar con áreas afíns, adxudicarase en primeiro lugar a praza ou prazas que teñan horario completo da especialidade pola que se participa.

Se se solicitara en primeiro lugar o centro para prazas bilingües adxudicaranse con prioridade estas.

No caso de solicitar localidade entenderase que solicitan todos os centros da localidade incluídos nos anexos segundo corresponda que se publiquen por Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola orde no que aparecen nos referidos anexos. No caso de que soliciten localidade con itinerante e/ou afíns, entenderase que solicitan con prioridade todos os centros desta sen itinerancia, sen afíns e posteriormente con itinerancia e/ou afíns, polo que a orde de adxudicación sería a seguinte:

* Vacantes de todos os centros desa localidade, coa ordenación do anexo da convocatoria, e dentro de cada un deles, de todas as especialidades posibles, sen afíns e sen itinerancia.

* Vacantes coas mesmas condicións, con afíns e que non sexan itinerantes.

* Vacantes coas mesmas condicións sen afíns e que sexan itinerantes.

* Vacantes coas mesmas condicións con afíns e que sexan itinerantes.

Para estes efectos debe terse en conta que as prazas dos colexios rurais agrupados teñen a consideración de itinerantes, agás as correspondentes ás especialidades de educación infantil e educación primaria.

No caso de non consignar coa petición o código da especialidade, a adxudicación farase pola orde en que o/a participante manifestou na súa solicitude de participación.

Se se desexa solicitar a localidade con prazas bilingües deberá repetirse o código da localidade especificando o idioma correspondente.

No caso de solicitar provincia enténdese que se piden todos os centros da provincia pola orde que figuran nos correspondentes anexos, incluídas tamén as prazas con itinerancia e afíns agás que se exclúan expresamente no recadro establecido na solicitude. En consecuencia, de corresponderlle, adxudicaráselle praza en calquera dos centros da provincia.

2. O persoal docente interino ou substituto que non desexe obter calquera destino dunha provincia non deberá efectuar solicitude de provincia limitándose a solicitar por centro ou por localidade. As persoas que obteñan destino na resolución definitiva da convocatoria regulada nesta Orde non poderán acollerse ás renuncias establecidas no punto décimo cuarto da Resolución do 14 de xuño de 2017, pola que se dá publicidade do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regula o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, agás causa sobrevida con posterioridade a esta.

O feito de que o persoal docente interino marque a provincia ou provincias para obter destino na súa solicitude de participación non implica que despois as provincias se trasladen á aplicación que xestiona o procedemento de substitucións e polo tanto terán que realizar a petición de prestar servizos nunha ou en varias provincias de acordo establecido no artigo 33.

Artigo 19. Elaboración da solicitude para a adxudicación de destino de oficio

Ao persoal docente que de acordo co establecido nesta orde estea obrigado a obter destino para o próximo curso e non resulte adxudicatario dunha das prazas solicitadas, adxudicaráselle destino de oficio nas seguintes condicións:

a) corpo de mestres:

- Ao persoal docente suprimido que exerceu dereito preferente a centro e, de ser o caso, formulou outras peticións fóra do dereito preferente e non obtivo destino, a Administración elaborará unha solicitude na que se lle engadirá a localidade e, se o caso, a zona de dereito preferente.
- Ao persoal docente suprimido que non obtivo destino e que non exerceu ningún dereito preferente, a Administración elaborará unha solicitude na que se ordenaran pola orde do código as especialidades das que sexa titular e a continuación as especialidades para as que non está habilitado, agás inglés. As provincias irán ordenadas do seguinte xeito: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, entendéndose que se solicitan todos os centros da provincia pola orde no que aparecen nos anexos da resolución que realice a convocatoria, á que se fai referencia no artigo 37 desta orde.
- Ao persoal docente en expectativa de destino que non obtivo destino pola solicitude de comisión de servizos por razón de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral e que non formulou a solicitude ordinaria, a Administración elaborará unha solicitude na que se ordenarán pola orde do código as especialidades das que sexa titular e continuación as especialidades para as que non está habilitado, agás inglés. As provincias irán ordenadas do seguinte xeito: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, entendéndose que se solicitan todos os centros da provincia pola orde no que aparecen no anexo da resolución que realice a convocatoria á que se fai referencia no artigo 37 desta orde.
- No caso do persoal docente que supere o procedemento selectivo cada ano e non formule unha solicitude ordinaria, a Administración elaborará unha solicitude na que despois da especialidade pola que aproba ordenaranse as restantes especialidades por orde de código, agás inglés. As provincias irán ordenadas do seguinte xeito: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, entendéndose que se solicitan todos os centros da provincia pola orde no que aparecen no anexo da resolución que realice a convocatoria a que se fai referencia no artigo trinta e sete desta orde.

b) restantes corpos

Na especialidade de participación ordenaranse as provincias do seguinte xeito: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, entendéndose que se solicitan en primeiro lugar todos os centros dunha provincia pola orde no que aparecen no anexo da resolución que realice a convocatoria a que se fai referencia no artigo trinta e sete desta orde.

Artigo 20. Prazo de solicitudes

O prazo de solicitude será o que estableza a convocatoria á que fai referencia o artigo trinta e sete desta orde agás para o persoal opositor que supere o procedemento selectivo convocado cada ano cuxo prazo será de dous días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da lista de aprobados de cada tribunal na páxina web <http://www.edu.xunta.es/opusicions>

Artigo 21. *Validez da solicitude para os cursos vindeiros*

1. A solicitude formulada será válida para as seguintes convocatorias a partir do curso académico 2019/20 mentres se manteña a obriga de participar neste procedemento, de conformidade co artigo segundo desta convocatoria. Polo tanto, non terán que formalizar nova solicitude:

a) O profesorado suprimido e desprazado que continúe na mesma situación para o curso académico inmediatamente seguinte.

b) O profesorado que continúe en expectativa de destino.

c) O profesorado interino e substituto que participara no proceso de adxudicación de destino da convocatoria inmediatamente anterior e continúe tendo dereito a manter o seu posto na correspondente lista ou listas, de conformidade co establecido na Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ó texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias .

2. A formalización dunha nova solicitude dentro do prazo establecido deixará sen efecto a solicitude presentada nunha convocatoria anterior.

Artigo 22. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 23. *Vacantes*

1. As vacantes que serán obxecto de provisión no correspondente concurso serán introducidas na aplicación informática www.edu.xunta.es/persoalcentros polas direccións dos centros educativos, agás as prazas correspondentes ao corpo de mestres que serán incluídas pola xefatura da inspección educativa da provincia.

2. A inspección educativa poderá supervisar en calquera momento as vacantes solicitadas polos centros e dar instrucións para a súa modificación.

3. Con carácter xeral, as vacantes non poderán incluír máis de dúas materias afíns, agás autorización da inspección educativa.

4 Para estes efectos non computarán como materias afíns, figurando exclusivamente a efectos informativos:

812 Módulo de Comunicación e Sociedade; Ámbito Lingüístico e Social, Ámbito Lingüístico, Ámbito Social.

815 Módulo de Ciencias Aplicadas; Ámbito Científico e Matemático; Ámbito Científico-Tecnolóxico.

5. Ademais das vacantes adxudicáranse na resolución do concurso aquelas prazas que se orixinen por resultas na resolución do concurso de cada corpo, como consecuencia da adxudicación de destinos ao persoal que participa no concurso con destino definitivo. Non se adxudicarán, polo tanto, aquelas prazas que puideran orixinarse nun corpo pola adxudicación dun destino a unha persoa noutro corpo distinto do que se encontra en situación de servizo activo.

Para estes efectos, nas especialidades que se pode participar desde máis dun corpo ofertarase sempre a resulta no corpo ao que pertenza a especialidade.

6. Como consecuencia do establecido no apartado anterior, os centros educativos e as xefaturas territoriais non solicitarán as prazas do profesorado con destino definitivo que participa no concurso por razón de comisión de servizos de saúde, comisión de servizos de conciliación da vida familiar e laboral, comisión de servizos por concelleiro ou concelleira . Si deben solicitarse as prazas que resulten necesarias do persoal que estea en situación de servizos especiais, que teña un permiso sindical a tempo total ou en comisión de servizos por motivos distintos dos citados anteriormente, como poder ser por exercer a dirección dun centro educativo, asesoría no CAFi, nos centros de formación e recursos ou na Consellería, en centros do estranxeiro, en centros de fora da Comunidade Autónoma de Galicia, en prazas sometidas a convenio, e outras.

Artigo 24. *Orde de adxudicación das vacantes*

1. A adxudicación realizarase por especialidades. A orde de adxudicación das especialidades efectuarase tendo en conta que en primeiro lugar se adxudicarán as especialidades pertencentes a cada corpo, pola orde que a continuación se relaciona:

- 510 Inspectores de educación
- 597 Mestres
- 512/592 Catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas
- 513/595 Catedráticos e profesores de artes plásticas e deseño
- 596 Mestres de taller de artes plásticas e deseño
- 593 Catedráticos de música e artes escénicas
- 594 Profesores de música e artes escénicas
- 511/590 Catedráticos e profesores de ensino secundario
- 598 Profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional

Dentro de cada corpo, a orde de adxudicación realizarase por orde de código das especialidades.

Nas especialidades na que se pode participar desde máis dun corpo, para o persoal funcionario de carreira, a antigüidade computarase no corpo desde o que se participa. No caso de persoal integrado

no corpo de profesores de ensino secundario, terase en conta a antigüidade acumulada como persoal funcionario de carreira no corpo de profesores técnicos de formación profesional.

O persoal funcionario interino de especialidades integradas no corpo de profesores de ensino secundario ou de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, continuará tendo a mesma prioridade que tiña nestas especialidades no corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

2. Nas ensinanzas de secundaria e de réxime especial as especialidades adxudicaranse por orde de código dentro de cada corpo. Esta orde de adxudicación tamén se aplicará ao persoal docente interino ou substituto do corpo de mestres que accedese ás listas de interinidades e substitucións despois do 31 de agosto de 2008.

3. No caso de que unha persoa resulte adxudicataria nunha especialidade quedarán sen efecto as solicitudes que, se é o caso, teña realizadas noutro corpo e/ou especialidades.

4. A orde de adxudicación dos destinos provisionais será por colectivos, sen prexuízo dos dereitos preferentes a centro e localidade regulados nesta orde, pola seguinte preferencia:

a) Persoal docente funcionario de carreira suprimido ou desprazado por falta de horario que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde.

b) Persoal docente funcionario de carreira suprimido ou desprazado por falta de horario que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral.

c) Persoal docente funcionario de carreira suprimido ou desprazado con solicitude ordinaria.

d) Persoal docente funcionario de carreira que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde.

e) Persoal docente interino que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, sempre que lle corresponda traballar de acordo co establecido nos apartados 11 e 12 deste artigo.

f) Persoal docente que teña que reincorporarse á Comunidade Autónoma de Galicia procedente do estranxeiro.

g) O persoal docente funcionario de carreira que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral.

h) O persoal docente funcionario de carreira en expectativa de destino, que se ordenará pola maior antigüidade como funcionario de carreira no corpo e, dentro da mesma antigüidade, pola maior antigüidade no acceso a funcionario de carreira e, se é o caso, polo número de orde obtida no concurso-oposición. Entenderase incluído neste grupo o persoal funcionario en prácticas que vai a ser nomeado funcionario de carreira con efectividade do 1 de setembro de ano correspondente.

i) O profesorado que solicite o reingreso no servizo activo con efectividade do inicio do curso académico.

j) O persoal docente que superou o procedemento selectivo de acceso ou ingreso aos corpos docentes ou que teñan pendente de superar a fase de prácticas de anos anteriores e teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral.

k) O persoal docente que superou o procedemento selectivo de acceso a un corpo do mesmo subgrupo de clasificación, ou ao de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño procedentes do subgrupo A2.

l) O persoal docente que superou o procedemento selectivo de ingreso ao corpos docentes, convocados pola Orde do ano correspondente, e os que teñan pendente de superar a fase de prácticas de anos anteriores.

m) O persoal docente interino e substituto que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral, sempre que lle corresponda traballar de acordo co establecido nos apartados 11 e 12 deste artigo.

n) O persoal docente interino, pola mesma orde que participou ou pola que tiña dereito a participar na elección de destino no último curso inmediatamente anterior ao do ano da convocatoria, e os que xeraron o dereito posteriormente, sempre e cando non renunciase a unha interinidade ou substitución que lle fose ofertada ou que, aínda tendo renunciado, se acollese ao previsto no punto décimo cuarto da Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

o) O persoal docente substituto, pola mesma orde na que participou ou tiña dereito a participar na elección de destino no último curso académico, sempre e cando non renunciase a unha interinidade ou substitución que lle fose ofertada ou que, aínda tendo renunciado, se acollese ao previsto no punto décimo cuarto da Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5. Na adxudicación das prazas terá prioridade o persoal docente que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal do propio docente sobre os que teñan concedida a mesma comisión pola situación dun familiar.

6. Na orde de adxudicación de prazas ao persoal suprimido ou desprazado por falta de horario terán prioridade o persoal que á súa vez teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde ou unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral. Asemade, dentro de cada grupo aplicaranse os criterios dos puntos 2 e 4 deste artigo.

7. Na adxudicación das prazas ao persoal que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, a preferencia virá determinada polos tipos III, II e I e dentro de cada tipo, a prioridade virá determinada por ser unha única persoa proxenitora, pola antigüidade como persoal funcionario de carreira no corpo, a antigüidade no centro e a puntuación

no concurso-oposición, sucesivamente, de acordo co artigo 12.2 da Orde do 23 de febreiro de 2018, pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes que imparten docencia en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral.

8. Dentro de cada grupo, os criterios de prioridade veñen determinados pola maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro, ano de oposición e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente.

9. Cando a un profesor ou profesora ao cal se lle concedeu unha comisión de servizos por razóns de saúde ou de conciliación da vida familiar e laboral non lle corresponda ningunha das prazas solicitadas, de ser o caso, participará na adxudicación de destinos pola orde que lle corresponda dentro do seu colectivo.

10. A adxudicación de praza de comisión de servizos por razóns de saúde a persoal docente procedente de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia estará condicionada a que obteña praza todo o profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria relacionado no punto 4 deste artigo desde os parámetros a) ata o l) ambos incluídos.

11. No caso do persoal docente interino ou substituto do corpo de mestres da lista única, enténdese que ten dereito á adxudicación de praza por concesión de comisión de servizos por razóns de saúde ou de conciliación da vida familiar e laboral e por ser concelleiro ou concelleira, cando lles corresponda traballar pola dita lista.

No caso do persoal docente interino que non pertence á lista única enténdese que ten dereito a adxudicación de praza por concesión de comisión de servizos por razóns de saúde ou de conciliación da vida familiar e laboral, cando o seu número de orde de lista na especialidade correspondente sexa igual ou inferior ao número de prazas que desa especialidade se van a adxudicar ao persoal docente interino, despois de realizada a adxudicación do persoal docente interino da lista única.

A adxudicación de praza por concesión de comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral ao persoal docente interino e substituto efectuarase despois da adxudicación de destinos provisionais do persoal que superou o último procedemento selectivo

12. Enténdese que o persoal docente interino ou substituto dos restantes corpos, ten dereito á adxudicación de praza por concesión de comisión de servizos por razóns de saúde, por ser concelleiro ou concelleira, ou por concesión da comisión de servizos por razóns de conciliación da vida familiar e laboral cando o seu número de orde de lista na especialidade correspondente sexa igual ou inferior ao número de prazas que desa especialidade se van adxudicar ao persoal docente interino.

13. Para os efectos do establecido nos puntos 11 e 12 deste artigo non se computará o persoal interino que figurando na correspondente lista xa resultaron adxudicatarios dunha praza nalgunha das listas con código inferior ou noutro corpo adxudicado con prioridade.

Artigo 25. *Dereito preferente a centro*

Terán dereito preferente a centro:

- a) O persoal docente suprimido e desprazado por falta de horario.
- b) As concelleiras e concelleiros, ao centro no que prestaban servizos no momento en que resultaron elixidas ou elixidos.

Artigo 26. *Dereito preferente á localidade*

Terán dereito preferente a localidade:

- a) O persoal docente desprazado por falta de horario, ás prazas da localidade na que teñen destino definitivo.
- b) O persoal docente suprimido, ás prazas da localidade na que tiñan destino definitivo no momento da supresión.
- c) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da localidade na que estaban destinados no momento de obterem praza no estranxeiro.
- d) As concelleiras e concelleiros ás prazas da localidade na que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos, sempre que non poidan facer efectivo o dereito preferente a centro.

Artigo 27- *Dereito preferente a zona educativa*

Terán dereito preferente a zona educativa:

- a) O persoal docente do corpo de mestres desprazado por falta de horario.
- b) O persoal docente do corpo de mestres suprimido, á zona educativa na que prestaban servizos no momento da supresión.
- c) O persoal docente do corpo de mestres procedente do estranxeiro, ás prazas da zona educativa na que estaban destinados no momento de obter praza no estranxeiro.

Artigo 28. *Adxudicación de vacantes bilingües e itinerantes*

As vacantes bilingües e as itinerantes, completando horario noutro centro ou centros, só se adxudicarán a aquelas electoras e electores que o soliciten explicitamente.

O persoal docente interino e substituto que formule petición de provincia ou provincias, enténdese que solicita prazas con itinerancia e afíns, agás que exprese o contrario na solicitude.

Artigo 29. Adxudicación de vacantes con afíns no corpo de mestres

As vacantes con afíns adxudicaranse só ao persoal docente que solicite explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio, na que poden ser adxudicadas a calquera elector aínda sen colocar.

Artigo 30. Adxudicación de vacantes con afíns nos restantes corpos

As vacantes con afíns adxudicaranse só ao persoal docente que solicite explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio, en que poden ser adxudicadas a calquera elector aínda sen colocar. Exceptúanse do anterior aquelas vacantes que teñan como materia afín algún idioma estranxeiro.

Artigo 31. Adxudicación de prazas das escolas oficiais de idiomas

As prazas das escolas oficiais de idiomas que queden vacantes, unha vez resolto o concurso entre o persoal funcionario en expectativa de destino e o persoal que supere o último proceso selectivo convocado e, se é o caso, o persoal interino ou substituto do corpo correspondente, seranlle adxudicadas ao profesorado de ensino secundario da respectiva especialidade que as solicitasen.

Ao profesorado interino de secundaria que obteña praza nunha escola oficial de idiomas expediráselle nomeamento de interino do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

Artigo 32. Adxudicación de destino de oficio

Adxudicarase destino de oficio a todo o persoal participante que non acade destino de entre os solicitados, agás as persoas participantes que deixan resulta. Adxudicarase destino de oficio tamén a todos aqueles que tendo a obriga de participar neste concurso non o fixesen.

En ningún caso se adxudicará destino de oficio ao persoal funcionario interino ou substituto.

No caso do persoal do corpo de mestres suprimido e desprazado por falta de horario que exerza o dereito preferente e non obteña destino, por non existir vacante, adxudicaráselles un posto como substituto de zona, co fin de que non sexa desprazado da zona educativa na que se encontra o centro do seu destino definitivo de referencia, de acordo co establecido no Decreto 140/2006, do 31 de agosto.

Ao profesorado en expectativa de destino adxudicaráselle destino de oficio en calquera das especialidades das que sexa titular. Ao persoal opositor adxudicaráselle destino de oficio na súa especialidade, pola orde na que figura o profesorado dentro do seu colectivo. A adxudicación realizarase á primeira vacante libre, pola orde en que os centros figuren nos anexos da

correspondente convocatoria, tendo en conta a priorización, se é o caso, de provincias feitas polo participante.

No corpo de mestres, cando non exista vacante da súa especialidade, ao profesorado en expectativa de destino e ao persoal opositor do ano correspondente adxudicaráselle destino de oficio noutra especialidade da que non son titulares, agás lingua estranxeira: inglés, non sendo que o solicite o participante, e orientación. A adxudicación ao profesorado en expectativa realizarase unha vez adxudicado o profesorado en expectativa das especialidades correspondentes, pola orde da lista única e dando prioridade ás petición de centro, feitas polo participante, sobre a especialidade. A adxudicación ao persoal opositor realizarase unha vez adxudicado o persoal opositor das especialidades correspondentes.

Nos restantes corpos, o profesorado en expectativa de destino adxudicaráselle destino de oficio, mesmo noutra especialidade da que non sexa titular, de non existir vacante na súa. Esta adxudicación realizarase preferentemente en especialidades solicitadas como afíns en que queden vacantes unha vez adxudicado destino a todo o profesorado en expectativa.

Non serán adxudicadas de oficio as prazas dos centros de Defensa, as dos centros penitenciarios, as prazas itinerantes e as de bilingüismo. Para estes efectos non terán a consideración de itinerantes as prazas das especialidades de educación infantil e de educación primaria dos colexios rurais agrupados.

Artigo 33. *Petición de prestar servizos nunha ou varias provincias*

O persoal docente interino e substituto para o caso de que non obteña praza na adxudicación poderá acollerse a prestar servizos como persoal docente interino ou substituto nunha ou en varias provincias, sen perda da orde da lista, a través da aplicación informática que xestiona a cobertura das substitucións, na páxina www.edu.xunta.gal/substitutos, no prazo do 15 de xuño ao 15 de xullo do ano correspondente, ambos incluídos. Será obrigatorio incluír provincia/s en que se imparta a especialidade correspondente. A solicitude terá efectos durante todo o curso académico. O que non efectúe opción enténdese que desexa prestar servizos en todas as provincias da Comunidade Autónoma.

Artigo 34. *Petición de prestar servizos en determinados concellos*

O persoal docente a que fai referencia o punto décimo cuarto do Acordo do 20 de xuño de 1995 poderá optar durante os períodos máximo e mínimo previstos nel por realizar substitucións en concellos determinados. A opción deberá efectuarse na páxina www.edu.xunta.gal/substitutos e a solicitude xunto coa documentación xustificativa deberán presentarse empregando o modelo normalizado de solicitude xenérica PR004 dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica> ou procedemento que para estes efectos sinala a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo comprendido entre os

días 15 de xuño ao 15 de xullo do ano correspondente. Será obrigatorio incluír na petición concellos en que se impartan materias ou áreas ou módulos profesionais atribuídos á especialidade correspondente. Esta opción será por todo o curso académico.

Artigo 35. *Prazas a tempo parcial*

Excepcionalmente, cando non se poida completar o horario da xornada de traballo con horas doutra especialidade no centro ou completar o horario noutro centro, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá ofertar prazas de interinidades a tempo parcial, que en ningún caso será inferior a media xornada. Esta disposición resultará de aplicación tamén nas substitucións de reducións de xornada.

Estas prazas ofertaranse despois de realizada a adxudicación definitiva, e poderán ser rexeitados os chamamentos que se produzan.

Artigo 36. *Aprobados noutras comunidades autónomas*

O persoal docente que supere os procedementos selectivos convocados noutra comunidade autónoma comunicarallo á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para os efectos da súa exclusión na adxudicación da praza con anterioridade ao 25 de xullo do ano correspondente.

Artigo 37. *Convocatoria*

Resoltos os concursos xerais de traslados, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a realizar no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de adxudicación de destinos provisionais para o curso correspondente na que, polo menos, se incluírá:

a)O prazo de solicitude.

b)A data da publicación das relacións de persoal que ten dereito a participar na adxudicación de destinos, por lista única cando proceda, e por especialidades e orde de prioridade , na dirección de internet www.edu.xunta.gal. Publicadas as relacións de persoal, abrírase un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva do persoal docente que ten dereito a participar.

c)A data previsible de resolución provisional do concurso e a súa publicación na dirección de internet www.edu.xunta.gal , así como o prazo e modo de formular reclamacións e renuncias.

O persoal interino e substituto que solicite praza en máis dunha especialidade por pertencer a dúas ou máis listas poderá renunciar, no prazo sinalado no apartado anterior, a participar nalgunha delas e, de non facelo, adxudicaráselle destino na especialidade que lle corresponda, tendo en conta que se adxudica por orde de código das especialidades. No caso de adxudicarlle praza nunha especialidade, retiraráselle a solicitude da outra ou das outras especialidades.

d) A data previsible da adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o curso académico correspondente na dirección de internet www.edu.xunta.gal e no Diario Oficial de Galicia. Coa publicación da adxudicación definitiva na páxina web enténdese publicada a relación de persoal docente que participa no concurso de adxudicación definitiva. Esta adxudicación definitiva terá efectividade do día seguinte ao da súa publicación na dirección de internet www.edu.xunta.gal, sen prexuízo de que a toma de posesión se efectuará conforme ao disposto no artigo 41.

e) Os anexos coa relación dos centros que pode solicitar o persoal docente de cada un dos corpos.

Artigo 38. *Notificacións e publicidade*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, as notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia –Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) Este sistema remitirá as persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico, practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 39. *Solicitude de non participación ou renuncia á resolución provisional*

1. O persoal interino e substituto que estea nunha situación das que se relacionan a continuación, poderá solicitar cada curso académico non participar nesta convocatoria ou renunciar á resolución provisional, sen perder o número de orde na lista correspondente e sen que se admitan renuncias parciais, nos seguintes supostos:

a) Coidado de fillos e fillas

-Para atender o coidado dun fillo ou filla menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.

-Para atender a un fillo ou filla menor de oito anos cando se trate dun núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal.

-Para atender a dous fillos ou fillas menores de dez anos cando se trate dun núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal.

-Para atender a tres fillos ou fillas menores de doce anos ou dous fillos ou fillas menores de doce anos se un deles ten un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% ou ter e convivir con tres fillos ou fillas menores de dezaseis anos cando se trate dun núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal.

A idade dos fillos computarase ao 1 de setembro de cada ano académico.

b) Para atender o coidado dun familiar que teña ao seu cargo, ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

-Excepcionalmente, para atender o coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, en segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.

c) Por enfermidade grave do propio persoal docente.

d) Por ser vítima de violencia de xénero ou de violencia sexual ou violencia terrorista.

e) Ampliación de estudos oficiais

Por ampliación de estudos, por un período máximo de tres anos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realizan estudos para obter un título universitario oficial de doutor, máster, grao, ou equivalente.

No caso dos graos deberá efectuarse a matrícula de, polo menos, 30 créditos e acreditar a realización das correspondentes probas ao final do curso académico.

Nos supostos do máster ou doutoramento a matrícula deberá realizarse de, polo menos, o 30 por 100 dos contidos.

Excepcionalmente, poderá utilizarse un cuarto e quinto anos, nos estudos de grao e doutoramento, Nos graos será necesario ter cursado e superado un mínimo de 90 créditos da mesma titulación. Para estes efectos non se terán en conta as materias validadas.

f) Por calquera das circunstancias que permite ao persoal funcionario a concesión dos servizos especiais.

O persoal docente interino e substituto poderá solicitar non ser chamado para as prazas que puidesen corresponderlle por un período máximo e improrrogable de tres cursos académicos, que non terán que ser necesariamente consecutivos, sempre que alegue e xustifique ter un contrato de traballo ou prestar servizos noutro posto do sector público ou ben desenvolver un traballo por conta propia. Neste último caso deberá acreditar esta situación mediante a alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos durante un período mínimo de 6 meses anterior ao chamamento.

Non será posible efectuar esta opción unha vez producido o nomeamento de persoal interino ou substituto, agás causa sobrevida ao nomeamento.

O persoal docente interino e substituto poderá solicitar non ser chamado para as prazas que puidesen corresponderlle sempre que alegue e xustifique estar impartindo cursos de formación relacionados coa lingua galega impartidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O prazo para que o persoal interino e substituto solicite a non participación na convocatoria é o comprendido entre o 15 e o 31 de maio. Xunto coa solicitude deberá achegarse a documentación xustificativa de que o persoal interino ou substituto se atopa nalgunha das situacións relacionadas no punto décimo cuarto do Acordo do 20 de xuño de 1995. A solicitude de non participación deberá cubrirse no enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/substitutos/> e presentarse xunto coa documentación xustificativa por medios electrónicos mediante o trámite activado para estes efectos no procedemento normalizado código ED002B.

A renuncia a adxudicación provisional deberá realizarse no prazo de reclamacións á resolución provisional, e aínda que non se obtivese destino nesta, pois iso non supón que non se poida obter na resolución definitiva.

A solicitude de non participar ou a renuncia na adxudicación provisional supón que non se realizará chamamento para cubrir interinidades ou substitucións durante todo o curso académico agás no suposto de ter renunciado por ter un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos con carácter temporal noutro posto do sector público. Nestes casos poderán reincorporarse aos chamamentos á finalización do contrato ou da prestación de servizos.

De non presentarse renuncia e serlle adxudicada praza definitiva, o persoal interesado non poderá acollerse a non prestar servizos mantendo o número de orde na lista correspondente, agás que esta petición se formule por unha situación sobrevida ao prazo indicado anteriormente e esa circunstancia se acredite de forma fidedigna. Ademais de pola vía ordinaria, a renuncia deberá remitirse por correo electrónico no enderezo electrónico persoal.secundaria@edu.xunta.gal, ou persoal.primaria@edu.xunta.gal, segundo proceda.

Sen prexuízo do anterior a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá dar de baixa a algunha persoa na relación de adxudicatarios de praza, se deixase de reunir os requisitos para

manterse nela, de oficio ou por instancia da parte interesada, logo de audiencia da interesada ou interesado.

2. O persoal docente interino e substituto que, estando obrigado a participar, non formule solicitude en ningunha especialidade, agás a excepción prevista na epígrafe anterior deste artigo, decaerá de todos os seus dereitos nas listas de todas as especialidades nas que tiña dereito a participar de acordo co establecido nas epígrafes i) e j) do artigo 2 da presente orde.

Artigo 40. Órgano competente para resolver á convocatoria de adxudicación de destinos provisionais

O órgano competente para resolver a convocatoria de adxudicación de destinos provisionais para cada curso académico é a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Artigo 41. Toma de posesión

O persoal funcionario do corpo de mestres tomará posesión no centro educativo de destino con efectividade do 1 de setembro do ano correspondente e o persoal funcionario dos restantes corpos tomará posesión tamén no centro educativo de destino e incorporárase con efectividade económica e administrativa da data fixada para o inicio da impartición efectiva das clases, agás no suposto de que o nomeamento ou toma de posesión se efectúe posteriormente.

O centro educativo remitirá a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo das vinte e catro horas seguintes á data fixada para o inicio de curso, a toma de posesión, a declaración xurada de non estar incurso en actividade incompatible, e os restantes documentos que teña establecidos a propia xefatura territorial. Estes documentos estarán asinados coa mesma data dos efectos administrativos da toma de posesión.

O persoal funcionario interino asinará, ademais, a declaración responsable de que non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual e a autorización para o acceso ao Rexistro Central de delincuentes.

Nos supostos de especialidades das cales se imparte docencia en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas, non poderá haber interrupción de servizos no persoal docente interino que sexa nomeado persoal docente interino desde o inicio do curso inmediatamente seguinte.

Artigo 42. Recursos contra a resolución definitiva de adxudicación

Contra a resolución definitiva da adxudicación de destinos provisionais, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria, dirixido a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 43. *Recursos contra esta orde*

Contra esta orde, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dirixido a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Prazas de substituto de zona*

Cando sexa o caso, as prazas de substitutos de zona abranguerán os centros educativos da localidade de referencia e nun radio de 40 Km.

Disposición adicional segunda. *Inspectores de Educación*

O persoal docente que supere o procedemento de acceso ao corpo de inspectores de Educación efectuará a solicitude de sector de inspección para realizar as prácticas conforme a resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se efectúa a convocatoria prevista no artigo 37 da presente orde, no prazo de dous días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación polo tribunal cualificador da relación de persoas aprobadas na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/oposicions>. As sedes publícanse como anexo VIII á dita resolución.

Disposición adicional terceira. *Modificación da solicitude pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos*

1. A Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria suprimirá das solicitudes das persoas participantes os códigos correspondentes aos centros que, se é o caso, sexan suprimidos.

2. Nos supostos de transformación, desdoblamento, fusión ou integración de centros que cambien de código a Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria substituirá o código antigo polo código do novo centro.

3. Nos supostos de creación de novos centros estes incluíranse para a adxudicación nas solicitudes que conteñan peticións a localidade na que se creen.

Cando estas modificacións se efectúen rematado o prazo de solicitudes previsto no artigo 20 da presente orde, as persoas interesadas poderán rexeitar as ditas modificacións no prazo de tres días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da transformación, desdoblamento, fusión, integración ou creación de centros.

Disposición adicional cuarta. *Prazo extraordinario de solicitudes*

A Subdirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá abrir un prazo extraordinario de solicitude, individualizado, para aquelas persoas que resulten suprimidas ou desprazadas por falta de horario con posterioridade ao remate do prazo de solicitudes previsto no artigo 20 da presente orde.

Disposición adicional quinta. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Profesorado co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxp@edu.xunta.gal.

Disposición adicional sexta.

Para os únicos efectos do establecido no artigo 13.f) da presente orde, considerarase a orientación unha especialidade do corpo de mestres

Disposición adicional sétima. *Adxudicación de destinos provisionais a partir do curso académico 203-2024.*

A partir do curso académico 2023-2024, as especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional ofertaranse no corpo de profesores de ensino secundario ou no corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, segundo proceda, sen prexuízo da súa adxudicación ao profesorado funcionario de carreira deste corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, titular da especialidade, que estea en situación de servizo activo ou noutra situación administrativa.

Disposición adicional oitava. *Modificación, de oficio, das solicitudes de participación.*

Ao persoal docente que siga tendo a obriga de participar no procedemento de CADP, de conformidade co establecido no artigo 21 desta Orde, se lle transformarán as súas solicitudes de participación para o curso académico 2023-2024, do seguinte xeito:

a) Ao persoal docente funcionario de carreira do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, se lle transformarán ás peticións da súa solicitude de profesor técnico a peticións do corpo de profesores de ensino secundario ou de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, segundo corresponda en función da especialidade solicitada.

b) Ao persoal docente funcionario interino do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, de especialidade ou especialidades integradas no corpo de profesores de ensino secundario, se lle transformará a súa solicitude ou solicitudes de profesor técnico nunha solicitude ou solicitudes de persoal docente interino do corpo de profesores de ensino secundario, nas mesmas especialidades.

c) Ao persoal docente funcionario interino do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, de especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, se lle transformará a súa solicitude ou solicitudes de profesor técnico nunha solicitude ou solicitudes de persoal docente interino do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

d) As peticións formuladas aos códigos de profesorado especialista do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional transformaranse de oficio en peticións ao novo código de profesorado especialista do corpo de profesores de ensino secundario ou o novo código de profesorado especialista do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, segundo corresponda. Pola súa vez, procederase do mesmo xeito en relación coas materias afíns que se solicitasen.

Disposición transitoria primeira. *Solicitud de prazas de procesos comerciais*

Mentres non se convoque o concurso-oposición na especialidade de procesos de xestión administrativa, o persoal funcionario de carreira, interino e substituto da especialidade de procesos comerciais poderá pedir prazas indistintamente desta especialidade e de procesos de xestión administrativa.

Disposición transitoria segunda. *Solicitud de prazas de operacións de procesos*

Mentres non se convoque o concurso-oposición na especialidade de operacións de proceso o persoal funcionario de carreira, interino e substituto da especialidade de laboratorio poderá pedir prazas indistintamente desta especialidade e de operacións de procesos.

Disposición transitoria terceira. *Prazas de Xemoloxía e Taller do moble*

Mentres se mantéña a necesidade de persoal funcionario docente do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, este persoal poderá solicitar as prazas co código 040 Xemoloxía e o persoal funcionario do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño as prazas co código 067 Taller do moble.

Disposición transitoria cuarta. *Adxudicación das prazas de Orientación ao persoal funcionario interino e substituto*

O artigo 13.e) e f) desta orde en relación coa adxudicación das prazas de Orientación será de aplicación a partir do curso académico 2019/20.

Disposición transitoria quinta. *Obrigatoriedade de realizar a solicitude para o curso académico 2018/19*

Na convocatoria da adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2018/19 estará obrigado a realizar a solicitude todo o persoal relacionado nos artigos 2 e 3 desta orde.

Disposición transitoria sexta. *Solicitud de non participación no curso académico 2018/19*

Para o curso académico 2018/19 o persoal docente interino e substituto deberá formular a solicitude no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da publicación da presente orde.

Disposición transitoria sétima. *Desprazados por falta de horario no curso académico 2018/19*

A Inspección educativa comunicará aos centros educativos e ao persoal interesado, con anterioridade ao 25 de xuño de 2018, o número de profesores e profesoras, indicando a especialidade de que son titulares, que non van a ter horario no curso académico 2018/19.

Disposición transitoria oitava. *Efectividade dos artigos 2.1.jI e 39.2 da presente orde.*

O parágrafo segundo do artigo 2.1.j) e 39.2 desta orde entrarán en vigor coa solicitude que deberá formularse para o curso académico 2019-2020.

Aquelas persoas que non realicen a solicitude de praza para o curso académico 2018-2019 non perderán o seu posto na lista ou listas correspondentes e poderán ser chamados para realizar interinidades ou substitucións, unha vez efectuada a adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o curso académico 2018-2019.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

* O presente texto ten carácter meramente **informativo** e carece de validez xurídica.